



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA XXI EDICIÓN DOS PREMIOS MARÍA CASARES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) DECLARA:

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Asociación de Actores e Actrices de Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **28 de febreiro de 2017 ata o 20 de setembro de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é realización de actividades relacionadas coa XXI edición dos Premios de Teatro María Casares, convocatoria que recoñece o labor desenvolvido pola profesión teatral en Galicia en catorce categorías ás que optan producións galegas de teatro de actor estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016, así como todos os profesionais que participen nas montaxes nese período, e que terá o seu punto culminante na gala de entrega de premios, que se celebrará o 29 de marzo de 2017 no Teatro Rosalía Castro da Coruña.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia organiza de forma sucesiva unha das citas anuais de referencia no eido escénico, os premios de teatro María Casares, evento de ampla traxectoria no que se recoñece anualmente o traballo e o esforzo dos profesionais deste sector cultural, que se converte nun espazo privilexiado de encontro anual das xentes vinculadas ao mundo do teatro en Galicia, nun foro social de recoñecemento do labor emprendido polos profesionais galegos do teatro e nun ámbito de proxección pública do seu traballo tanto en Galicia coma fóra da Comunidade.

Todo este esforzo no fomento dun sector como o teatral que leva a cabo a Asociación de actores e actrices de Galicia, e que ten o seu punto culminante e de maior proxección pública na organización dos premios María Casares, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria teatral que a Agadic pretende levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas, establecendo





accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

